

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Psicoloxía

Esperanza Bosch Fiol
Salud Mantero Heredia



2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

PSICOLOXÍA
Esperanza Bosch Fiol
Salud Mantero Heredia

2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero
da Xarxa Vives d'Universitats

Elena VILLATORO BOAN, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación de Vida Laboral e Familiar, Universidade Abat Oliba CEU • **Mª José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universidade de Alacante • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora da Reitoría en Internacionalización e Relacións institucionais, Universidade de Andorra • **Joana GALLEGO AYALA**, directora do Observatorio para a igualdade, Universidade Autónoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade CEU Cardeal Herrera • **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universidade de Xirona • **Esperança BOSCH FIOLE**, directora e coordinadora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universidade das Illas Baleares • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universidade Internacional de Cataluña • **Mercedes ALCANIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universidade de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Miguel Hernández de Elche • **María OLIVELLA QUINTANA**, directora do Grupo de Igualdade de Xénero, Universidade Aberta de Cataluña • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universidade de Perpignan Via Domitia • **Sílvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universidade Politécnica de Cataluña • **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universidade Politécnica de Valencia • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de relacións internacionais e estudantes, Universidade Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universidade Rovira i Virgili • **Amparo MANÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Valencia • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Vic - Universidade Central de Cataluña

Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,
Universidade de Vigo, 2020, desta edición

Tradución

Milena Vázquez Fernández

Deseño e maquetación

José María Gairí

Edición técnica

Servizo de Publicacións

Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

usc.gal/publicacions

Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

•• ÍNDICE

Presentación	5
Artes e Humanidades.....	6
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencia.....	7
Ciencias da Vida.....	7
Enxeñarías.....	7
01. Introducción	8
02. Implicacións da cegueira de xénero	10
03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia	13
Revisión do androcentrismo.....	13
Pedagogías feministas (a psicoloxía feminista).....	14
Sistema sexo-xénero, mandatos e estereotipos de xénero.....	15
Visibilización de autoras.....	16
04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero en Psicoloxía	18
Módulo de Igualdade de Oportunidades e Xénero en Psicoloxía.....	19
DENOMINACIÓN DO MÓDULO: IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E XÉNERO EN PSICOLOXÍA.....	19
Materias que forman o módulo.....	21
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E XÉNERO EN PSICOLOXÍA (OBRIGATORIA)	21
VIOLENCIA DE XÉNERO (OPTATIVA)	22
05. Recursos docentes	24
Recursos docentes orais.....	24

Recursos docentes escritos.....	24
MANUAIS E LIBROS.....	25
ARTIGOS ACADÉMICOS.....	26
Recursos docentes visuais.....	28
06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero.....	29
07. Ferramentas de consulta.....	32
Webgrafía.....	32
Bibliografía de referencia.....	32
Ligazóns a plans docentes e programas de materias específicas de xénero.....	34
08. Para afondar.....	36
Revistas.....	36
Centros e grupos de investigación sobre xénero e psicoloxía.....	36
NACIONAIS.....	36
INTERNACIONAIS.....	37
OUTROS RECURSOS.....	37

•• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero ou *Gender mainstreaming* é unha política integral para promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en conta as características, as necesidades e os intereses tanto de mulleres como de homes, distinguindo os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e da masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives de Universidades (XVU) promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, especialmente no ámbito de acción da perspectiva de xénero. É oportuno lembrar que as políticas que non teñen en conta estes roles diferentes e estas necesidades diversas, e, por tanto, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, a través da cal lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e buscamos fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha parte, se se afonda na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, tanto a nivel teórico como empírico, que se producen cando se parte do home como referente universal ou non se ten en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes. Deste xeito, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re) producidas.

Da outra, fornecer ao alumnado novas ferramentas para identificar os estereotipos, normas e roles sociais de xénero contribúe a desenvolver o seu espírito crítico e a que adquiera competencias que lle permitan evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas que aseguren que se atende á diversidade do estudantado.

O documento que tes nas túas mans é froito do plan de traballo bianual 2016/17 do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero, na docencia e na investigación universitaria. Nunha primeira fase, o informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les Universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universidade Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universidade de Xirona), constatou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria seguía sendo un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo, estatal e dos territorios da XVU.

Un dos principais retos identificados neste informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao era a necesidade de formar o profesorado nesta competencia. Nesta liña, apuntábase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden o profesorado a facer unha docencia sensible ao xénero. Así, nunha segunda fase, elaborouse o recurso *Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*, baixo a coordinación de Teresa Cabruja Ubach, M.^a José Rodríguez Jaume (Universidade de Alacante) e Tània Verge Mestre. Elaboráronse en conxunto once guías, entre unha e catro por ámbito de coñecemento, que foron encargadas a profesoras expertas na aplicación da perspectiva de xénero na súa disciplina de diferentes universidades:

Artes e Humanidades

Historia: Mónica Moreno Seco (Universidade de Alacante)

Historia da Arte: M. Lluïsa Faxedas Brujats (Universidade de Xirona)

Filoloxía e Lingüística: Montserrat Ribas Bisbal (Universidade Pompeu Fabra)

Filosofía: Sonia Reverter-Bañón (Universidade Jaume I)

Ciencias Sociais e Xurídicas

Dereito e Criminoloxía: María Concepción Torres Díaz (Universidade de Alacante)

Socioloxía, Economía e Ciencia Política: Rosa Maria Ortiz Monera e Anna Maria Morero Beltrán (Universidade de Barcelona)

Educación e Pedagogía: Montserrat Rifà Valls (Universidade Autónoma de Barcelona)

Ciencia

Física: Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

Ciencias da Vida

Medicina: María Teresa Ruiz Cantero (Universidade de Alacante)

Psicoloxía: Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universidade das Illas Baleares)

Enxeñarías

Ciencias da Computación: Paloma Moreda Pozo (Universidade de Alacante)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias impartidas non implica máis que unha reflexión sobre os diferentes elementos que configuran o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo do sexo e do xénero como variables analíticas clave. Para poder revisar as vosas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atoparedes recomendacións e indicacións que cobren todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, exemplos e linguaxe utilizados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. Despois de todo, incorporar o principio de igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume e Tània Verge Mestre

Coordinadoras

•• 01. Introducción

Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia, da Universidade das Illas Baleares, recollen nesta guía un amplo abano de recomendacións para introducir a perspectiva de xénero na docencia da psicoloxía. A través da docencia ofrecémoslle ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e as relacións sociais, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e, así mesmo, perseguimos poñer en práctica a participación e o espírito crítico. Como se pon de manifesto nesta guía, sen unha reflexión sobre os nesgos de xénero que poden estar presentes no exercicio da nosa docencia, o profesorado pode contribuír a reforzar e perpetuar a desigualdade de xénero.

Por este motivo, a guía comeza cunha discusión dos aspectos que marcan a **cegueira de xénero** das disciplinas nela traballadas e as súas implicacións (segundo apartado). Neste sentido, sinálase como estas disciplinas se construíron partindo da experiencia masculina canto aos conceptos, as variables e os indicadores, o que motivou que a experiencia, os espazos e os traballos asignados ás mulleres fosen tradicionalmente desprezados e que as súas contribucións se invisibilizasen.


A continuación, preséntanse diferentes ferramentas para lle axudar ao profesorado a realizar unha docencia sensible ao xénero. Por unha parte, ofrécense **propostas xerais** para incorporar a perspectiva de xénero na docencia (terceiro apartado). Para iso, danse a coñecer as achegas de diversas autoras que, como resposta ao nesgo androcéntrico das ciencias da vida, afirmaron a importancia de estudar a realidade social desde novos paradigmas que inclúan e valoren as experiencias das mulleres. Así mesmo, tamén se sinala a importancia de avanzar cara a unha ciencia comprometida coa igualdade de xénero, en que se identifiquen e se cuestionen as desigualdades existentes e se ofrezan solucións para as erradicar.

Pola outra, preséntanse propostas concretas para introducir a perspectiva de xénero na docencia nas disciplinas mencionadas. Ofrécese unha serie de **boas prácticas** que comprenden contidos, avaliacións e metodo-

loxías docentes das ciencias da vida, en particular da psicoloxía (cuarto apartado). A guía tamén inclúe diferentes **recursos docentes** (quinto apartado) e proporciona indicacións sobre como o profesorado pode axudar ao alumnado a **incorporar a perspectiva de xénero na investigación**, especialmente nos traballos de fin de grao (TFG) ou de fin de máster (TFM) (sexto apartado). Así mesmo, recóllense diferentes **ferramentas de consulta** — páxinas web, referencias bibliográficas e ligazóns a guías docentes— que poden servir de exemplo (sétimo apartado) e preséntanse algunhas outras **fontes para afondar** no proceso de reflexión sobre como impartir unha docencia sensible ao xénero (oitavo apartado).

•• 02. Implicacións da cegueira de xénero

Gráfica 1. Proceso de investigación psicolóxica e nesgos de xénero



Fonte: Janet S. Hyde (1995)

No caso da psicoloxía, as críticas realizadas desde unha perspectiva feminista ou de xénero cuestionaron o androcentrismo nesta ciencia e sinalaron, por exemplo, que unha parte importante dos estudos tradicionais foron levados a cabo sobre mostras con pouca representación das mulleres, cando despois xeneralizaron os resultados obtidos ao conxunto da poboación. É dicir, definíronse os estándares para un grupo, o dos homes, que se tomaron como xerais, e constatouse que o outro grupo, o das mulleres, é o diferente.

Na psicoloxía tradicional, ademais, as mulleres participaban pouco na disciplina e as que o facían —Anna Freud, Carolyn Sherif, Carolyn Miles, Joan Erikson etc.— obtíñan pouco recoñecemento. As mulleres non só

estivemos infrarrepresentadas como obxectos e suxeitos de investigación, ou na definición dos conceptos psicolóxicos, tamén noutras fases da investigación psicolóxica se detectan nesgos de xénero (véxase o cadro anterior) (Ferrer e Bosch, 2005).

Un exemplo de nesgo de xénero en psicoloxía ten que ver cos estudos comparativos entre mulleres e homes, que se remontan ao século XVI. Os resultados obtidos nestes estudos utilizáronse durante moito tempo para xustificar a inferioridade mental e psíquica das mulleres, así como a súa exclusión do ámbito educativo e da participación na vida pública. Desde esta rama da psicoloxía diferencial incidían nos seguintes tres aspectos comparativos:

- a) As diferenzas de tamaño do cerebro e os seus efectos no desenvolvemento da intelixencia e o temperamento, en que a muller levaba a peor parte (Barberá, 2000) e que continuou até os nosos días. No século XIX, invocábase o maior tamaño do cerebro como causa da maior «intelixencia masculina», presuposto que nunca se cuestionou a pesar do continuo fracaso ao constatar esta premisa. Aínda hoxe se empregan táboas diferenciais na psicometría para avaliar a intelixencia de homes e mulleres.
- b) A hipótese dunha maior variabilidade interindividual entre os homes que entre as mulleres.
- c) A influencia do instinto maternal sobre a natureza feminina como xustificante da exclusión educativa das mulleres (Barberá, 2000).

Por iso é imprescindible introducir a perspectiva de xénero aplicada á psicoloxía, xa que permite comprender a complexidade social, cultural e política ignorada por outros enfoques, empeñados en presentar un mundo «naturalmente androcéntrico». A súa importancia consiste en achegar outra visión e interpretación da realidade, modificando con iso a que xa coñecemos; non se trata de crear unha nova, senón de formular novos problemas e novas perspectivas.

Por último, habería que realizar unha breve reflexión sobre as desigualdades de sexo-xénero existentes na práctica profesional, relacionadas coa falta de preparación e de coñecementos específicos dos/as tera-

peutas sobre a violencia de xénero e o seu contexto social patriarcal. Isto pode comportar unha práctica clínica deficitaria na cal, por exemplo, non se considere este problema de relevancia naqueles casos en que non sexa un motivo específico de consulta. Son moitas as mulleres que ao narrar a súa experiencia con terapeutas e médicos/as comentan a ausencia de preguntas respecto diso, ou a súa negativa a afondar cando elas mesmas o contaron (Bosch, Ferrer e Alzamora, 2006).

•• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

Neste apartado expoñeremos algúns temas que cómpre ter en conta para incorporar a perspectiva de xénero na docencia, que xunto con outros puntos desta mesma guía esperamos que proporcionen unha información útil con vistas a atinxir este fin.

Revisión do androcentrismo

O androcentrismo, é dicir, a ordenación do mundo tomando o home como centro e medida de todas as cousas, non é algo abstracto, senón que ten un reflexo nos máis diversos ámbitos da vida cotiá, e, por suposto, tamén na ciencia e no pensamento científico. Así, en palabras de Victoria Sau (2011), o labor de varrido do patriarcado non podía deixar fóra a psicoloxía. As mulleres deseguida comezaron a entrar abertamente na tarefa psicolóxica, aínda que esta se atopaba saturada de nomes de homes insignes en todas as subáreas da disciplina, como Wundt, Binet, Stern, Spearman, R. B. Cattell e tantos outros, e na psicanálise, con Freud e o seu grupo, tanto no papel de disidentes como de adeptas iniciais. Todos os autores mencionados tiñan en común considerar a muller como diferente, mais no sentido de lle asignar unha categoría secundaria respecto do home, que se alza como modelo único e normativo.

O impulso feminista abriu fendas importantes na psicoloxía tradicional –que era toda– ao poñer en cuestión con todos os detalles os saberes afectos da misoxinia. Así, xa Leta Hollingworth, Helen B. Thompson e Anne Anastasi atribuíron pouco despois á educación e á cultura as diferenzas observadas entre os sexos. E no ámbito da psicanálise Karen Horney e Clara Thompson rebeláronse contra un discurso atravesado polos estereotipos da época e pola súa visión unisexual.

Pedagoxías feministas (a psicoloxía feminista)

Os estudos das mulleres, a investigación feminista en todas as disciplinas, son unha realidade que se consolidou, non só no seo de institucións culturais diversas, senón nas propias universidades (Sau, 2011). Esta onda de feminismo académico estendeuse rapidamente ás diferentes disciplinas, entre elas á psicoloxía, co nacemento da psicoloxía feminista.

O concepto refírese ao intento de desmitificar a pretendida neutralidade do coñecemento psicolóxico e de cuestionar os valores, prexuízos e estruturas da autoridade académica e científica tradicionais, poñendo de manifesto o androcentrismo subxacente a unha boa cantidade de presuncións da psicoloxía tradicional e cuestionando, por tanto, os seus resultados e conclusións (Ferrer e Bosch, 2003 b).

Ademais, a psicoloxía feminista fai súa a diferenciación entre sexo e xénero; céntrase na análise das estruturas sociais e do sistema sexo-xénero; incorpora a perspectiva de xénero e feminista e analiza a forma en que a vida de mulleres e homes está influenciada por condicionantes de xénero (incluído o estudo dos efectos da identidade de xénero, os roles e estereotipos de xénero ou calquera outra cuestión relacionada); está orientada polos valores e os principios do feminismo, polo que pon unha énfase importante na mellora da vida das mulleres; e ten, en definitiva, o obxectivo último de xerar unha transformación social (Ferrer, 2017).

Esta nova psicoloxía foi avalada pola APA na División 35 en 1973, que nos seus inicios se denominou «Psicoloxía da muller» ou «Psicoloxía das mulleres». Trátase dunha cuestión interesante para lle dar a coñecer ao alumnado, xa que aquí se pode desenvolver un perfil profesional relacionado co principio de igualdade entre mulleres e homes.

Chegados a este punto, cabe mencionarmos que existen outras psicoloxías vinculadas tamén á categoría xénero como as que se enmarcan nos estudos dos homes (*Men's Studies*) ou os estudos sobre as masculinidades (*Masculinity Studies*), representados pola Sociedade para o Estudo Psicolóxico dos Homes e as Masculinidades, División 51 da APA creada en 2005; ou, por outra parte, os estudos LGTB, representados pola Sociedade para o

Estudo Psicológico das Cuestións Lesbianas, Gais, Transxénero e Bisexuais, División 44 creada en 1985, que van abríndose paso e gañando peso día a día, a constituíren ámbitos emerxentes que, por tanto, deben ser tidos en consideración.

Sistema sexo-xénero, mandatos e estereotipos de xénero

Como se comentou, unha materia de estudo importante para a psicoloxía feminista foi, e aínda o é, o estudo das diferenzas sexo-xénero. Na actualidade coexisten tres aproximacións cun elevado nivel de produtividade científica (Cala e Barberá, 2009), que se fai imprescindible explicar para achegar ao alumnado a esta cuestión. De maneira resumida, son as seguintes (Cala e Barberá, 2009):

- a) **Ser.** O sistema sexo-xénero como unha propiedade interna. É sen dúbida a tradición máis antiga, en que se concibe o sistema sexo-xénero como unha variable do suxeito, unha característica inherente á persoa que determina a forma en que se comporta. Céntrase en comparar mulleres e homes co obxectivo de coñecer cal é o alcance destas diferenzas.
- b) **Crer.** O sistema sexo-xénero como unha construción psicosocial ou variable estímulo. Parte da base de que o xénero é unha categoría que aparece en calquera contexto cultural e social, e céntrase en estudar os efectos que pode provocar nun individuo a percepción da outra persoa como home ou muller (Ferrer, 2017).
- c) **Facer.** O sistema sexo-xénero como unha actividade interactiva (*doing gender*). Concíbese como algo que as persoas fan, en lugar de como unha propiedade que posúen os individuos. Algo que non é nin se constrúe cognitivamente, senón que se xera na interacción social e nas prácticas vitais.

En referencia aos estereotipos e ao ditado de xénero, para concienciar o alumnado pódese partir da base da teoría da socialización diferencial. Pódese explicar de que maneira se produce este proceso con exemplos, e facer fincapé en que estes mandatos tenden a asociar tradicionalmente

a masculinidade con aspectos da vida social pública e a feminidade con aspectos da vida privada, para conseguir así de forma explícita, e outras veces de forma máis sutil, que se siga transmitindo unha mensaxe androcéntrica. Ademais, unha das claves da forza deste proceso radica na congruencia das mensaxes emitidas polos diferentes axentes socializadores (como a familia, a cultura, a educación, os medios de comunicación etc.).

Unha boa forma de ilustrar como se constrúen estes mandatos é a través dos experimentos realizados con bebés. Por exemplo, aqueles en que se viste o mesmo bebé de rosa ou azul e pode observarse como os adultos interactúan de forma diferente se cren que é neno ou nena (recóllese un vídeo no apartado 05).

Así mesmo, pódese traballar en como operan as relacións de xénero, o androcentrismo, o patriarcado e a matriz heteronormativa tanto na construción social do coñecemento psicolóxico como na súa transmisión e aplicación.

Visibilización de autoras

Como se comentou no punto anterior, un dos problemas tradicionais da psicoloxía é a falta de visibilidade das mulleres psicólogas na propia disciplina.

En psicoloxía, como no resto de áreas científicas, as mulleres pioneiras enfrontáronse a diferentes eventualidades nas súas vidas (dificultades derivadas de compatibilizar a vida persoal coa profesional) e nas súas carreiras académicas e profesionais (dificultade para obter títulos, para consolidar os seus postos, para investigar etc.); daquela, as mulleres participaron pouco nos inicios da disciplina e as que o fixeron obtiveron pouco recoñecemento. Porén, aínda que nestes primeiros momentos non eran moitas, é imposible negar a súa presenza e as súas contribucións, algunhas das cales foron chave na vertebración da psicoloxía. A participación destas pioneiras quedou en boa medida invisibilizada e hoxe son escasamente coñecidas, debido, entre outras, ás seguintes razóns:

- a) Algunhas das súas publicacións foron realizadas en colaboración con autores que –por ser primeiros asinantes ou por outras razóns– si pasaron á historia da disciplina. Ocorre isto con Else Frenkel-Brunswick, que colaborou con Theodor Adorno; ou con Maria Rickers-Ovsiankina e Bluma Wulfovna Zeigarnik, colaboradoras de Kurt Lewin.
- b) A perda do propio apelido en favor do apelido do cónxuxe, como nos casos de Mamie Phipps Clark ou Carolyn Wood Sheriff.
- c) O sucesivo cambio de apelido, se hai un divorcio e un novo matrimonio posterior, coa consecuenta dificultade para visibilizar a traxectoria completa da autora.
- d) A normativa científica que determina o formato das citas e as referencias bibliográficas (que deben incluír o apelido inicial, pero non o nome completo), que poden levar a dar por suposto que se trata de autores cando en realidade a autoría pode ser masculina ou feminina (Ferrer, 2017).
- e) Así mesmo, os mecanismos institucionais explícitos e implícitos tiveron un rol importante no desenvolvemento das carreiras das mulleres dentro da psicoloxía, xunto con outros aspectos da súa desigualdade social, como as dobres xornadas ou os mandatos de xénero, como se recolle nas revisións das pioneiras (García-Dauder, 2005).

Unha das posibles solucións que se poden procurar para corrixir este problema é, por exemplo, incluílas nos temarios das diferentes materias segundo o subámbito de especialización da autora; e, sobre todo, incluílas na materia de Historia da Psicoloxía, facendo fincapé no que fixeron e no que se perdeu. Ou introducir a realización de traballos, incluídos os TFG, sobre as pioneiras e outras autoras relevantes en psicoloxía, para facer reflexionar o alumnado sobre os problemas que se atoparon. Por último, comezar a referenciar autores e autoras co nome de pía e o apelido nas bibliografías recomendadas ao alumnado e nas guías docentes. Por exemplo, Hyde, Janet S. (1995), en lugar de Hyde, S. (1995).

•• 04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero en Psicoloxía

A psicoloxía, como disciplina que estuda o comportamento humano, non pode ser cega ao xénero en ningún dos seus ámbitos, o que converte en imprescindible a incorporación da **transversalización de xénero** (*gender mainstreaming*) nos plans docentes. De maneira xeral, isto podería levarse a cabo a través destas **catro estratexias básicas**:

- a) Mediante a **incorporación da variable sexo-xénero**, que debe levar á análise da disciplina que se estea impartindo, nas prácticas, os traballos en grupo etc.
- b) Coa **detección de nesgos de xénero** como os mitos e as mentiras científicas, adoptando unha actitude crítica cara a todas aquelas teorías e investigacións baseadas nas diferenzas entre mulleres e homes, ou que foron cegas ao xénero.
- c) Ofrecendo **visibilidade ás mulleres** como creadoras de coñecemento e tamén como suxeitos de estudo.
- d) Por medio da **utilización dunha linguaxe inclusiva ou non sexista**. Debemos ter en conta que estamos a falar dunha disciplina bastante feminizada, en que a maioría do alumnado son mulleres e son frecuentes as queixas polo uso do masculino plural por parte do profesorado nas aulas, ás veces mesmo cando non hai ningún alumno varón presente. Aínda que unha linguaxe inclusiva vai alén do emprego do feminino ou do masculino, tamén ten que ver con como se utiliza a linguaxe para construír o discurso científico. Por exemplo, se dicimos que «a execución das mulleres no test x é inferior á dos homes», estamos a tomar o home como referente da norma e as mulleres como «o outro», as diferentes; o prexuízo exprésase de forma máis velada ou sutil (Bonilla, 2010).

Así mesmo, débese transmitir ao alumnado que adquirir coñecemento en cuestións de xénero ten beneficios en diferentes niveis –social,

persoal etc.–, amais de na práctica profesional, que se verá reforzada pola aplicación da perspectiva de xénero. Contribuirá, igualmente, a desenvolvementos profesionais e ocupacións futuras relacionados co principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, grazas á oferta docente de posgrao que completará a súa formación como especialistas en igualdade de xénero (por exemplo, axentes de igualdade). No caso concreto da práctica clínica, axudarao a entender mellor as causas e as características propias das violencias machistas, e a detectar e intervir con máis eficacia nos posibles casos que se poidan atopar.

Doutra banda, hai que mudar necesariamente a transversalización de xénero nas guías docentes, mais para garantir, ao mesmo tempo, un mínimo de coñecemento específico sobre igualdade e violencia de xénero, é indispensable a creación dun módulo específico ou de materias específicas, como o que presentamos a modo de exemplo e que se está a aplicar na Facultade de Psicoloxía da Universidade das Illas Baleares (UIB). Agora mesmo é a única universidade en España que aprobou un módulo cunha materia obrigatoria.

Véxase a continuación un módulo de materias incluídas no plan de estudos do grao de Psicoloxía da UIB, aprobado en setembro de 2009 e implementado desde o curso 2009-10, baixo o impulso do Grupo Investigación de Estudos de Xénero¹.

Módulo de Igualdade de Oportunidades e Xénero en Psicoloxía

DENOMINACIÓN DO MÓDULO: IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E XÉNERO EN PSICOLOXÍA

Obxectivos da materia/módulo: asegurar a incorporación do respecto e o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na formación do alumnado do grao en Psicoloxía.

¹ <https://bit.ly/38w9ueU>.

Características do módulo: está constituído por 6 créditos de formación básica, que se imparten no primeiro curso; e 6 créditos de formación optativa, que se ofrecen no cuarto curso. No tocante ao sistema de avaliación, estas realizarase de acordo coas ferramentas relacionadas con tarefas teóricas e prácticas en que o alumnado deberá demostrar que acada as competencias previstas.

Metodoloxía: as materias do módulo desenvólvense de xeito coordinado. En cada unha expónse o contido teórico dos temas a través de clases teóricas (grupo grande), xunto con varios textos e lecturas de referencia que servirán para fixar os coñecementos ligados ás competencias previstas. Estas clases darán paso ás prácticas (grupo mediano), onde se aplicarán os contidos adquiridos a situacións e contextos reais a partir de lecturas e comentarios de texto, a resolución de problemas, análises de casos etc., que permitirán iniciarse nas competencias previstas.

Pola súa parte, ademais, o alumnado deberá desenvolver un traballo autónomo individual de estudo e asimilación da teoría e das actividades prácticas. Así mesmo, terá que levar a cabo as probas escritas de teoría e práctica que se fixen.

Competencias transversais: algunhas das competencias específicas e xerais que o alumnado adquirirá son as seguintes:

- a) Ser capaz de identificar diferenzas, problemas e necesidades en diferentes contextos de aplicación psicolóxica (individuais, grupais, intergrupais, organizacionais etc.).
- b) Desenvolver un compromiso ético e social, mostrando sensibilidade cara aos problemas das persoas e as comunidades.
- c) Desenvolver un razoamento crítico.
- d) Recoñecer a diversidade e a multiculturalidade.
- e) Ser capaz de contribuír ao coñecemento e ao desenvolvemento dos dereitos humanos e aos principios democráticos e de igualdade de oportunidades entre todas as persoas.

Materias que forman o módulo

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E XÉNERO EN PSICOLOXÍA (OBRIGATORIA)²

Contextualización: esta materia de formación básica específica ofrece un substrato necesario para que o alumnado acade con posterioridade outros coñecementos ou afonde neles. Asemade, constitúe un primeiro paso para quen no futuro desexe pescudar e especializarse profesionalmente en temáticas como a violencia de xénero ou as políticas de igualdade (curcando materias optativas do grao que forman parte do módulo que leva o mesmo título e máis adiante un máster oficial de especialización nesta materia).

Contidos

Tema 1. Os dereitos fundamentais no marco da Declaración universal de dereitos humanos. Desenvolvemento posterior en normativas e recomendacións de organismos internacionais.

Tema 2. A igualdade de oportunidades como estratexia de aplicación e cumprimento dos valores democráticos na sociedade actual.

Tema 3. Orixe e conceptos chave en igualdade de oportunidades: discriminación directa e indirecta, acción positiva e transversalización.

Tema 4. A translación do principio de igualdade de oportunidades na universidade: a implementación dos estudos de xénero en psicoloxía como exemplo.

Tema 5. A violencia de xénero como máxima expresión da desigualdade entre mulleres e homes: causas e tipoloxía. O principio de igualdade de oportunidades como estratexia para a prevención da violencia de xénero.

Metodoloxía docente

A materia conta con clases maxistras teóricas, cinco clases prácticas e dous exames parciais. Exemplos das clases prácticas:

² <https://bit.ly/2PeXOpc>.

- a) Actividade práctica 1: visualización e comentario en grupo e por escrito dun vídeo con temática relacionada coa materia.
- b) Actividade práctica 2: recursos en Internet. Durante a sesión práctica na aula farase unha revisión de fontes bibliográficas para a materia e daranse as pautas para realizar unha procura de recursos en Internet.
- c) Actividade práctica 3: voces femininas en psicoloxía. Durante a sesión reflexionárase sobre a figura das mulleres no campo da psicoloxía e presentáranse algunhas pioneiras.
- d) Actividade práctica 4: proposta de intervención. O alumnado preparará en grupo e por escrito unha proposta de intervención para implementar e/ou fomentar o principio de igualdade de oportunidades.
- e) Actividade práctica 5: elaboración e exposición oral dunha historia de vida. Desde o inicio do semestre cada alumno/a, individualmente, preparará unha historia de vida de tres xeracións de mulleres da súa familia por liña materna (nai, avoa e bisavoa). Durante a sesión práctica na aula, fará unha breve exposición dos trazos máis destacados do traballo que realizou.

VIOLENCIA DE XÉNERO (OPTATIVA)³

Contextualización: materia optativa, centrada na análise da violencia de xénero, que se inclúe no módulo Igualdade de Oportunidades e Xénero en Psicoloxía.

Contidos

Tema 1. A violencia de xénero como fenómeno social.

Tema 2. A violencia contra as mulleres na parella e o acoso sexual.

Tema 3. Perspectivas teóricas para a análise da violencia de xénero.

Tema 4. Amor romántico e violencia de xénero.

³ <https://bit.ly/2LNI7mH>.

Tema 5. Liñas xerais na intervención psicosocial sobre o fenómeno da violencia de xénero.

Metodoloxía docente

A materia conta con clases maxistras teóricas, catro clases prácticas e dous exames parciais. Exemplos das clases prácticas:

- a) Actividade práctica 1: visualización e comentario en grupo e por escrito dun vídeo.
- b) Actividade práctica 2: análise causal. Cada alumno/a elixirá unha modalidade de violencia contra as mulleres a que lle aplicará o modelo explicativo piramidal e preparará un informe por escrito.
- c) Actividade práctica 3: estudo dos mitos sobre a violencia.
- d) Actividade práctica 4: cinema foro. Durante a sesión práctica na aula, o alumnado verá un filme cunha temática relacionada coa materia.

•• 05. Recursos docentes

Recursos docentes orais

Velaquí algúns temas concretos para crear presentacións orais que poden ser de interese para mulleres e homes:

- a) *A construción do pensamento misóxino* (en xeral, calquera disciplina onde se transmiten diferenzas entre mulleres e homes).
- b) *Mulleres pioneiras na psicoloxía*. Coas súas achegas e espírito crítico sobre as teorías dominantes, por exemplo, para expor a posición que adoptaron fronte ás supostas diferenzas naturais entre homes e mulleres (Historia da Psicoloxía e outras especialidades).
- c) *Mulleres psicanalistas e o concepto de feminidade*, tendo en conta os seus posicionamentos (por exemplo, Karen Horney) (Historia da Psicoloxía e Psicoloxía Clínica ou da personalidade).
- d) *A construción dos conceptos de masculinidade e feminidade*. Desde unha perspectiva histórica e sobre os prexuízos adoptados na elaboración de cuestionarios para os avaliar (Personalidade, Psicometría).
- e) *As supostas diferenzas entre o cerebro masculino e feminino*. Nesgos de xénero, así como semellanzas e diferenzas dentro de cada sexo (Psicobioloxía).
- f) *O papel do instinto maternal nas mulleres*, se existe ou non (Psicobioloxía, Psicoloxía Básica).
- g) *O modelo coeducativo e o currículo oculto* (Psicoeducación).

Recursos docentes escritos

No tocante a como empregar unha linguaxe sensible ao xénero, o Colectivo de Estudantes de Psicoloxía (CEP-PIE) elaborou unha guía de linguaxe inclusiva que pode consultarse no seguinte enderezo web:

<https://bit.ly/2rHthaH>

A continuación presentamos unha serie de **manuais, libros e artigos académicos** para introducir a perspectiva de xénero na docencia específica da psicoloxía.

MANUAIS E LIBROS

BARBERÁ, Esther e MARTÍNEZ BENLLOCH, Isabel (coords.) (2004). *Psicoloxía y género*. Madrid: Pearson Educación.

Este libro é unha compilación de diversos temas tratados por diferentes docentes das universidades españolas. Algúns capítulos inclúen exemplos de exercicios e cuestións para debater.

BOSCH, Esperanza; FERRER, Victoria A.; NAVARRO, Capilla e FERREIRO, Virginia (2011). *Incorporación de los contenidos en igualdad de oportunidades y género en grado*. Palma: Universidade das Illas Baleares.

Manual de carácter didáctico que inclúe unha parte con descrições detalladas de actividades para traballar na aula.

CABRUJA, Teresa (2010). «Les dones de la psicologia i la «psicologia» de les dones», en VV. AA. *Doctes, doctores i catedràtiques. Cent anys d'accés lliure de la dona a la universitat* (98-111). Barcelona: Consello Interuniversitario de Cataluña.

CABRUJA, Teresa e FERNÁNDEZ-VILLANUEVA, Concepción (2011). «Psicologías feministas: Perspectivas críticas, posmodernas y radicales», en OVEJERO, Anastasio e RAMOS, Júpiter (coords.), *Psicología social crítica* (83-97). Madrid: Biblioteca Nueva.

CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE PSICÓLOGOS (2016). *Manual de recomendaciones de buenas prácticas. Psicología e igualdad de género*. <https://bit.ly/35p7hJD>.

CRAWFORD, Mary e UNGER, Rhoda K. (1992). *Women and gender. A feminist Psychology*. Boston: McGraw-Hill.

CUADRADO, M.^a Isabel (2007). «Psicología social y género», en CUADRADO, M.^a Isabel e FERNÁNDEZ, Itziar (coords.), *Psicología social*. Madrid: Sanz y Torres.

EAGLY, Alice H.; BEALL, Anne E. e STERNBERG, Robert S. (eds.) (1993). *The Psychology of Gender*. Nova York: Guildford Press.

- FERRER, Victoria A. (2017). *Feminismo y Psicología Social*. Madrid: Grupo 5.
- GARCÍA-COLMENARES, Carmen (2011). *Las primeras psicólogas españolas: itinerarios vitales y profesionales*. Granada: Universidad de Granada.
- GARCÍA-DAUDER, Dau (2016). *Psicología social de género*. Madrid: Dykinson.

O libro divídese en dúas partes: a primeira é un exercicio reflexivo sobre a práctica docente e o acto educativo en que se argumenta a necesidade de introducir o pensamento crítico de xénero de forma transversal na formación universitaria (en concreto, na psicoloxía), a segunda, pola súa vez, é unha guía formativa que ofrece ferramentas para analizar, mediante diferentes prácticas e actividades, as relacións de xénero desde a psicoloxía social.

- GARCÍA-DAUDER, Dau (2005). *Psicología y Feminismo. Historia olvidada de mujeres pioneras en psicología*. Madrid: Narcea.

Un libro sobre as dúas primeiras xeracións de mulleres psicólogas (1879-1930) nos Estados Unidos, berce visible da psicoloxía como disciplina científica e moderna.

- HYDE, Janet S. (1995). *Psicología de la mujer. La otra mitad de la experiencia humana*. Madrid: Morata.
- SAU, Victoria (2000). *Diccionario ideológico feminista*. Barcelona: Icaria.
- UNGER, Rhoda K. (2001). *Handbook of the Psychology Women and Gender*. Nova York: John Wiley & Sons.

ARTIGOS ACADÉMICOS

- BARBERÁ, Esther e CALA, María Jesús (2008). «Perspectiva de género en la psicología académica española». *Psicothema*, 20(2): 236-242.
- BONILLA, Amparo (2010). «Psicología y género: la significación de las diferencias». *Dossiers feministes*, 14: 129-150.
- CABRUJA, Teresa (2008). «¿Quién teme a la psicología feminista? Reflexiones sobre las construcciones discursivas de profesores, estudiantes y profesionales de la psicología para que cuando el género entre en el aula, el feminismo no salga por la ventana». *Pro-Posições*, 19(2): 25-46.

- CABRUJA, Teresa (2004). «Violencia doméstica: sexo y género en las teorías psicosociales sobre la violencia: hacia otras propuestas de comprensión e intervención». *Intervención Psicosocial*, 13(2): 141-154.
- CALA, María Jesús e BARBERÁ, Esther (2009). «Evolución de la perspectiva de género en psicología». *Revista Mexicana de Psicología*, 26(1): 91-101.
- DONOSO, Trinidad; FIGUERA, Pilar e RODRÍGUEZ, María Luisa (2011). «Barreras de género en el desarrollo profesional de la mujer universitaria». *Revista de Educación* 335: 187-212.
- FERRER PÉREZ, Victoria A. e BOSCH FIOL, Esperanza (2005). «Introduciendo la perspectiva de género en la investigación psicológica sobre violencia de género». *Anales de Psicología*, 2(1): 1-10.
- FREIXAS, Anna (2012). «La adquisición del género: el lugar de la educación en el desarrollo de la identidad sexual». *Apuntes de psicología*, 30(1): 155:164.
- FUENTES-GUERRA, Marina e FREIXAS, Anna (1994). «La reflexión sobre el sistema sexo/género. Un reto en la actual formación del profesorado». *Revista de educación* 304: 165-176.
- FURUMOTO, Laurel e SCARBOROUGH, Elizabeth (1986). «Placing Women on the History of Psychology. The First American Women Psychologists». *American Psychologist*, 41(1): 35-42.
- GARTZIA, Leire e LÓPEZ-ZAFRA, Esther (2016). «Gender Research in Spanish Psychology, part II: Progress and Complexities in the European Context». *Sex Roles*, 74(3): 97-106.
- INFOCOP (2008). «¿Las matemáticas tienen sexo? A vueltas con las diferencias intersexuales en psicología». Infocop Online 03/09/2008. <https://bit.ly/36oTppx>.
- KITZINGER, Cecilia (2005). «Heteronormativity in action: Reproducing the heterosexual nuclear family in «after hours» medical calls». *Social Problems*, 52(4):477-498.
- LAND, Vicky e KITZINGER, Cecilia (2005). «Speaking as a Lesbian: Correcting the Heterosexist Presumption». *Research on Language and Social Interaction*, 38(4): 371-416.

UNGER, Rhoda K. (2010). «Lo que buscamos es lo que encontramos». *Quaderns de Psicologia*, 12(2): 21-33.

Recursos docentes visuais

E para terminar expoñemos material visual, como son documentais e vídeos:

Nacións Unidas: Conferencias Mundiais da Muller

Mary Calkins. Vídeo sobre unha das pioneiras máis prolíficas da psicoloxía. Duración: 08:06 min

<https://bit.ly/36pMso7>

¿Qué pasa si pones un niño frente a un niña y le pides que la abofetee?

Vídeo sobre as reaccións dos nenos e as nenas á cuestión da violencia contra as mulleres. Duración: 3:19 min

<https://bit.ly/2RNeSnV>

La mente en pañales. Educación diferenciada entre niños. Duración: 2:56 min

<https://bit.ly/2PEPX3c>

Estereotipos sexistas. Experimento psicolóxico sobre como tratamos as crianzas en función de se son nenos ou nenas. Duración: 9:44 min

<https://bit.ly/2EaCwmn>

Belleza real: Cómo te ves vs. Cómo te ven. Vídeo sobre como afectan ao noso autoconcepto os mandatos sobre a beleza. Duración: 6:58 min

<https://bit.ly/38oRVxc>

Para todos las 2. Mujeres pioneras. Duración: 30 min

<https://bit.ly/36nWwOg>

•• 06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero

Atender a dimensión de xénero na investigación implica que o xénero se considera unha variable analítica e explicativa chave. Se os temas de xénero relevantes se perden ou se abordan mal, os resultados da investigación serán parciais e estarán potencialmente nesgados. O xénero pode ser, pois, un factor importante na excelencia investigadora. Por este motivo, é importante traballar con datos desagregados por sexo, e ter en conta a variable xénero na investigación cualitativa e cuantitativa. Para apoiar este proceso tamén é esencial dedicar recursos de investigación á investigación específica de xénero⁴.

Para efectuar unha investigación específica de xénero é importante definir uns indicadores de xénero que sinalen os cambios no rol e o status dos homes e das mulleres ao longo do tempo; en consecuencia, miden se se está a conseguir unha igualdade de oportunidades real (Dávila, 2004, citado en Bosch et al., 2011).

Algunhas recomendacións sobre o uso e a selección destes indicadores son, entre outras, tentar que se identifiquen valores ou aspectos en positivo que permitan comparacións ao longo do tempo entre países e rexións; alén de poder realizar fases de avaliación e de seguimento. Un exemplo deste tipo de análise de xénero son os diagnósticos de situación sobre a igualdade de xénero das unidades de igualdade das universidades.

A continuación recollemos **algunhas cuestións básicas que cómpre ter en conta para incluír a perspectiva de xénero na investigación:**

- a) Cuestionar a investigación científica tradicional e os seus métodos. Elixir procedementos que non contribúan a reproducir as desigualdades de xénero. Introducir na discusión de resultados e na formulación de hipóteses explicativas elementos da vida social de mulleres e homes (Ferrer, 2017).

⁴ Toolkit Gender in EU-funded research, <https://bit.ly/2RMcePk>.

- b) Recoñecer o xénero como categoría esencial da análise e calcular e explicar os resultados tendo en conta a súa importancia (Ferrer, 2017).
- c) Utilizar diferentes métodos de investigación, tanto cualitativos como cuantitativos, que poden resultar complementarios pola información que proporcionan: os primeiros, sobre contextos, significados e relacións de poder; e os segundos en termos de información fóra de contexto pero precisa. Pola súa finalidade, os primeiros, para xerar hipóteses, e os segundos, para contrastalas. Finalmente, segundo o obxecto de estudo, os primeiros, casos individuais, e os segundos tendencias grupais.
- d) Obter datos desagregados por sexo que fornezan información sobre homes e mulleres (Ferrer, 2017). Esta cuestión é especialmente relevante de se desexar obter conclusións extrapolables a toda a poboación.

Unha desviación habitual neste sentido ten a ver coa selección da mostra, pois tradicionalmente o sexo masculino conformou con maior frecuencia o suxeito de estudo, tanto na investigación con humanos como con animais. Un exemplo é a investigación clásica sobre a motivación do rendemento, exclusivamente baseada en homes, aínda que despois se xeneralizasen os resultados a toda a poboación (Hyde, 1991).

- e) Recoñecer a diversidade e a complexidade social e cultural, incluíndo outras categorías relevantes como a idade, a etnia, a orientación sexual, etc. que se articulan entre si (interseccionalidade), amais de expor temas obxectivos de investigación e hipóteses que consideren esta complexidade (Ferrer, 2017).

Por exemplo, débense buscar mostras tan heteroxéneas como sexa posible. Hai que ter en conta que en ocasións as mostras empregadas en estudos de psicoloxía están formadas polo propio estudantado universitario, o que acaba representando unha mostra bastante homoxénea e parcial da sociedade.

- f) Recoñecer a validez e a importancia da experiencia das mulleres, visibilizando as súas achegas reais (Ferrer, 2017).
- g) Ter presentes as relacións xerárquicas entre xéneros, que se plasman na construción do coñecemento científico mediante metáforas, valores e símbolos que representan e reproducen estas xerarquías (Ferrer, 2017). Así podemos evitar caer nunha desviación na interpretación dos resultados.
Cando se recollan os datos, o/a experimentador/a débeos interpretar; cando falamos de datos relacionados con diferenzas de xénero estatisticamente significativos, os resultados pódense interpretar de dúas formas, unha das cales é favorable aos homes, e non ás mulleres.
- h) Ter en conta se se realiza investigación con humanos, xa que o sexo da persoa experimentadora pode afectar aos resultados. Por exemplo, os/as nenos/as cooperan mellor con experimentadoras mulleres, e as persoas adultas con homes (Hyde, 1991). Para resolver estes posibles nesgos, a fórmula ideal é que os equipos de investigación contén tanto con mulleres como con homes que participen como experimentadores/as.
- i) Incluír as institucións, os departamentos e as revistas que se centran no xénero entre os grupos destinatarios de difusión, xunto coas principais revistas de investigación.

En conclusión, a incorporación da perspectiva de xénero na investigación en psicoloxía pasa por explicar as leis xerais do comportamento humano a partir da diversidade existente entre homes e mulleres en factores biolóxicos, experienciais, sociais e culturais. As análises a miúdo evidencian que o benestar das mulleres está comprometido como resultado dos roles sociais que unhas e os outros exercen (Ferrer, 2017), así como as desiguais relacións de poder entre mulleres e homes e as consecuencias destas desigualdades sobre as súas vidas, a súa saúde e o seu benestar.

•• 07. Ferramentas de consulta

Webgrafía

Revista *Infocop Online*, do Consello Xeral da Psicoloxía de España

<https://bit.ly/2LM2iRX>

Rede Hygeia

<https://bit.ly/2YCMExI>

Asociación para o Avance da Ciencia Psicolóxica

<https://bit.ly/2sfdqA1>

Asociación de Psicólogas para a Saúde Integral da Muller

<https://bit.ly/34ck3R4>

Asociación de Mulleres de Psicoloxía Feminista

<https://bit.ly/2sg6HWG>

Toolkit Gender in EU-funded research

<https://bit.ly/2RMcePk>

Women in Psychology

<https://bit.ly/2rsoDdD>

The Women Who Changed Psychology

<https://bit.ly/3gxjvM2>

Bibliografía de referencia

BARBERÁ, Esther (1998). *Psicología del Género*. Madrid: Ariel.

BARBERÁ, Esther e MARTÍNEZ BENLLOCH, Isabel (coords.) (2004). *Psicología y género*. Madrid: Pearson Educación.

BOSCH, Esperanza; FERRER, Victoria A. e ALZAMORA, Aina (2006). *El laberinto patriarcal. Reflexiones teórico prácticas sobre la violencia contra las mujeres*. Barcelona: Antrophos.

BOSCH, Esperanza; FERRER, Victoria A.; FERREIRO, Virginia e NAVARRO, Capilla (2013). *Violencia contra las mujeres. El amor como coartada*. Barcelona: Antrophos.

- BOSCH, Esperanza; FERRER, Victoria A.; NAVARRO, Capilla e FERREIRO, Virginia (2011). *Incorporación de los contenidos en igualdad de oportunidades y género en grado*. Palma: Universidade das Illas Baleares.
- CABRUJA, Teresa (2008). «¿Quién teme a la psicología feminista? Reflexiones sobre las construcciones discursivas de profesores, estudiantes y profesionales de la psicología para que cuando el género entre en el aula, el feminismo no salga por la ventana». *Pro-Posições*, 19(2): 25-46.
- DE OLIVEIRA, João Manuel; SAAVEDRA, Luísa; NEVES, Sofia e NOGUEIRA, Conceição (2013). «La Psicología Feminista Crítica en el suroeste semiperiférico europeo: el intrigante caso de Portugal». *Teoría y Crítica de la Psicología* 3: 302-319.
- DONOSO, Trinidad; FIGUERA, Pilar e RODRÍGUEZ, María Luisa (2011). «Barreras de género en el desarrollo profesional de la mujer universitaria». *Revista de Educación* 335: 187-212.
- FERRER, Victoria A. (2017). *Feminismo y psicología social*. Madrid: Grupo 5.
- FERRER, Victoria A. e BOSCH, Esperanza (2015). «Psicología social y género», en SABUCEDO, José Manuel e MORALES, J. Francisco (dirs.), *Psicología Social* (393-409). Madrid: Editorial Médica Panamericana.
- FERRER, Victoria A. e BOSCH, Esperanza (2005). «Introduciendo la perspectiva de género en la investigación psicológica sobre violencia de género». *Anales de Psicología*, 21(1): 1-10.
- FREIXAS, Anna (2012). «La adquisición del género: el lugar de la educación en el desarrollo de la identidad sexual». *Apuntes de psicología*, 30(1): 155:164.
- GARCÍA-DAUDER, Dau (2016). *Psicología social de género*. Madrid: Dykinson.
- GARCÍA-DAUDER, Dau (2005). *Psicología y Feminismo. Historia olvidada de mujeres pioneras en psicología*. Madrid: Narcea.
- GARCÍA-DAUDER, Dau e PÉREZ SEDEÑO, Eulalia (2017). *Las «mentiras» científicas sobre las mujeres*. Madrid: Los Libros de la Catarata.
- HYDE, Janet S. (1995). *Psicología de la mujer. La otra mitad de la experiencia humana*. Madrid: Morata.

- MORENO, Montserrat; SASTRE, Genoveva e HERNÁNDEZ, José (2003). «Sumisión aprendida: un estudio sobre la violencia de género». *Anuario de Psicología* 34(2): 235-251.
- REYES, María Isabel e WINKLER, María Inés (2016). «Psicología y género, nuevos desafíos: editorial». *Revista de Psicología*, 25(2): 1-4.
- SASTRE, Genoveva e MORENO, Montserrat (2002). *Resolución de conflictos y aprendizaje emocional: una perspectiva de género*. Barcelona: Gedisa.
- SASTRE, Genoveva; MORENO, Montserrat e PAVON, Teo (1998). «Cultura de género y diversidad en el razonamiento moral». *Educación*, 22-23: 141-153.
- SAU, Victoria (2000). *Diccionario ideológico feminista*. Barcelona: Icaria.
- UNGER, Rhoda K. (2010). «Lo que buscamos es lo que encontramos». *Quaderns de Psicologia*, 12(2): 21-33.

Ligazóns a plans docentes e programas de materias específicas de xénero

Introdución á Violencia de Xénero. Materia optativa do grao de Psicoloxía da Universidade de Xirona

<https://bit.ly/38o1YE6>

Competencias en Materia de Igualdade. Materia obrigatoria do grao de Psicoloxía da Universidade de Xirona

<https://bit.ly/2LK4dGY>

Psicoloxía de Xénero. Materia ofrecida pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Cádiz

<https://bit.ly/34cl7o2>

Xénero e Psicoloxía. Materia optativa do grao en Psicoloxía da Universidade Autónoma de Madrid

<https://bit.ly/34dgWYT>

Psicoloxía do Xénero. Materia optativa do grao de Psicoloxía da Universidade da Laguna

<https://bit.ly/34dPpXp>

Obradoiros sobre Psicoloxía e xénero. Universidade Autónoma de Barcelona

<https://bit.ly/2YQ9O3T>

Igualdade e Violencia de Xénero. Materia optativa do grao de Psicoloxía da Universidade Europea Miguel de Cervantes

<https://bit.ly/2LO2WP7>

Psicoloxía, Xénero e Igualdade. Materia obrigatoria do Máster Universitario en Psicoloxía da Intervención Social da Universidade de Murcia

<https://bit.ly/2PeDEvG>

Igualdade de Oportunidades e Xénero en Psicoloxía. Materia obrigatoria do grao de Psicoloxía da Universidade das Illas Baleares

<https://bit.ly/2YEBHR3>

Violencia de Xénero. Materia optativa do grao en Psicoloxía da Universidade das Illas Baleares

<https://bit.ly/2LM936e>

•• 08. Para afondar

Revistas

Feminism & Psychology: ofrece un arquivo intelectual e político cargado de liñas de análise históricas e contemporáneas dentro do feminismo e a psicoloxía en todo o mundo. O principal obxectivo desta revista, revisada por expertos/as, é fomentar a teoría e a práctica feministas na psicoloxía e máis alá.

Centros e grupos de investigación sobre xénero e psicoloxía

A seguir recollemos, como exemplo, algúns centros e grupos de investigación relacionados coa psicoloxía e os estudos de xénero e feministas.

NACIONAIS

Estilos Psicológicos, Xénero e Saúde. Universidade Complutense

<https://bit.ly/2Pd3rEe>

Multidimensional Psychological Approach to Gender and Emotion Regulation. Universidade Jaume I

<https://bit.ly/34hrypZ>

Xénero, Saúde e Traballo. Universidade Jaume I

<https://bit.ly/36vZoZN>

Centro Joan Rivièr en Psicoloxía e Xénero. Universidade Autónoma de Barcelona

<https://bit.ly/34f3iVI>

Discurso, Xénero, Cultura e Ciencia (DIGECIC). Universidade de Xirona

<https://bit.ly/2PAMz9D>

Estudios de Xénero. Universidade das Illas Baleares.

<https://bit.ly/2YLBt5N>

INTERNACIONAIS

Gender and Feminist Psychology. Universidade de Michigan

<https://bit.ly/2LMYTmd>

Gender Development Group. Departamento de Psicoloxía, Universidade de Cambridge

<https://bit.ly/2qJr8L3>

Gender Lab at Yale University. Universidade de Yale

<https://bit.ly/2LJoTvy>

Psychology & Women's and Gender Studies. Universidade de Windsor

<https://bit.ly/2PDQ53P>

Women and Psychology Interest Group. Australian Psychological Society

<https://bit.ly/2RJY15B>

Women in Psychology. Universidade de Harvard

<https://bit.ly/2PhrFxr>

Sexualities and Gender research of School of Social Sciences and Psychology. Western Sydney University

<https://bit.ly/2Pd31h8>

OUTROS RECURSOS

REYES ESPEJO, María Isabel (2016). «Número especial: Feminismo y/en como Psicología». Blog da Rede Iberoamericana de Investigadores en Historia da Psicoloxía.

<https://bit.ly/2rHkoPV>

Psychology's Feminist Voices

<https://bit.ly/2RJ3oTT>

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

A incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria segue a ser un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo e estatal. Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero é unha política integral orientada a promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes prexuízos. Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible á incorporación da perspectiva de xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado, e mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas. Sobre estas bases e a estes obxectivos conságrase a colección de guías temáticas elaboradas pola Xarxa Vives d'Universitats e agora trasladadas á lingua galega, no marco das iniciativas financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e desenvolvidas polas unidades de igualdade do Sistema Universitario Galego.

Ciencias da Computación

PALOMA MOREDA POZO

Dereito e Criminoloxía

M. CONCEPCIÓN TORRES DÍAZ

Educación e Pedagogía

MONTSERRAT RIFÀ VALLS

Filoloxía e Lingüística

MONTSERRAT RIBAS BISBAL

Filosofía

SONIA REVERTER-BAÑÓN

Física

ENCINA CALVO IGLESIAS

Historia

MÓNICA MORENO SECO

Historia da Arte

M. LLÜISA FAXEDAS BRUJATS

Medicina

MARÍA TERESA RUIZ CANTERO

Psicoloxía

ESPERANZA BOSCH FIOL
SALUD MANTERO HEREDIA

Socioloxía, Economía e Ciencia Política

ROSA MARIA ORTIZ MONERA
ANNA MARIA MORERO BELTRÁN

Xarxa Vives
d'universitats



galegía



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo